



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADOS “ASGOCA” PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E CONCIENCIACIÓN SOBRE SEGURIDADE INDUSTRIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, DECLARA:

Que esta consellería ten previsto formalizar ca Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados “ASGOCA” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e ASGOCA para o desenvolvemento dunha campaña de difusión e concienciación sobre seguridade industrial..

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten atribuídas competencias no ámbito da seguridade industrial, segundo o recollido no Decreto 135/2017, de 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.





O cumprimento dos regulamentos de seguridade industrial é fundamental para garantir a seguridade das instalacións afectadas e polo tanto das persoas que as usan. Para incrementar o grao de cumprimento deses regulamentos, faise necesario realizar unha campaña de difusión e concienciación da importancia da seguridade industrial entre as empresas e poboación afectada.

ASGOCA é unha asociación sen ánimo de lucro no sector das empresas legalmente habilitadas para a verificación do cumprimento das condicións de seguridade de produtos e instalacións industriais, establecidas polos regulamentos de seguridade industrial, que goza de plena personalidade xurídica e capacidade para obrar no cumprimento dos seus fins. ASGOCA é a única asociación empresarial que aglutina os organismos de control autorizado en Galicia, motivo polo cal, a gran maioría dos organismos de control que operan na nosa Comunidade Autónoma están asociados a dita asociación.

Tal e como se establece nos seus estatutos, ASGOCA ten como fin fundamental coordinar e colaborar coa Administración nas tarefas de control regulamentario no campo da seguridade inidustrial, garantindo o maior grado de homoxeneidade e profesionalidade nas actuacións dos seus membros, realizando un control de ditas actuacións e representando e defendendo os intereses comúns destes organismos.

Ter como beneficiario deste convenio a ASGOCA permite contar ca experiencia e profesionalidade desta asociación, colaboradora da Administración, no campo da seguridade industrial, e contar co respaldo da maioría dos organismos de control autorizados no campo da seguridade industrial que operan en Galicia, que son membros de ASGOCA, non existindo ningunha outra entidade colaboradora da administración no campo da seguridade industrial que aglutine á maioría destes organismos.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que





determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

